



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

PROPOSTA DA ALCALDÍA: APROBACIÓN INICIAL DO SUPLEMENTO DE CRÉDITO 16/2025

“O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción do presente acordo, adóptao en base aos seguintes antecedentes administrativos e fundamentos xurídicos:

Antecedentes administrativos:

Primeiro: Por Providencia da Alcaldía do 19/02/2025 incóase o procedemento para a confección e aprobación da Liquidación do Orzamento de 2024.

Segundo: Con data de 27.02.2025 a Secretaría-Intervención emite o seu informe núm. 16/2025 referente á aprobación da liquidación do expediente do orzamento.

Terceiro: Con data de 27.02.2025 a Secretaría-Intervención emite o seu informe núm. 17/2025 relativo á da estabilidade orzamentaria, regra de gasto e nivel de endebedamento na liquidación do Orzamento de 2024.

Cuarto: Por Resolución da Alcaldía núm. 98/2025 do 27.02.2025 apróbase a Liquidación do Orzamento de 2024. Vistas as seguintes magnitudes derivadas da Liquidación do Orzamento do exercicio 2024 e o nivel de endebedamento a 31.12.2024 do Concello de Lousame:

- Superávit orzamentario de **26.981,49 €**
- RLTX de **266.426,94 €**
- Endebedamento a 31.12.2024: **1.080.890,38 €**
 - o Con entidades bancarias ou financeiras: 0,00 €
 - o Coa Deputación Provincial (Préstamos Provinciais) a 31.12.2024: 867.460,92 €
 - o Co IGVS (Fondo de Cooperación 2022 e 2023) a 31.12.2024: 213.429,46 €
- Período Medio de Pago a Proveedores a 31.12.2024: **12,53 días**

Quinto: O RLTX xa foi empregado para financiar as seguintes modificacións orzamentarias:

- MC 3/2025, modalidade de incorporación de remanentes de crédito, por importe de 32.178,24 €. Incorporación de carácter obrigatorio, ao tratarse de proxectos de gasto afectados ou por tratarse de gastos xa comprometidos no exercicio anterior.
- MC 4/2025, modalidade crédito extraordinario, por importe de 79.924,46 €, para cancelar a débeda comercial pendente do ano 2024.

Sexto: O obxecto da presente modificación orzamentaria é dotar a achega municipal, da anualidade 2025, en relación ao seguinte proxecto de gasto, que é executado e contratado pola Xunta de Galicia:

MT200A. Plan HURBE. Pavimentación núcleo de Camboño: 384.478,23 €. Xunta (269.134,76 €) + IRC IGVS 22 (63.052,27 €) + Concello (52.291,20 €) Achega municipal, anualidade 2025: 52.291,20 €. Execución pola Xunta de Galicia	52.291,20
--	------------------

Sétimo: Por Providencia da Alcaldía incóase o procedemento para tramitar a MC 16/2025, modalidade Suplemento de Crédito.

Oitavo: A Alcaldía emite a Memoria no cumprimento do sinalado no artigo 37.2 do RD 500/1990, de 21 de abril.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Fundamentación xurídica:

Primeiro: Neste expediente de modificación orzamentaria 16/2025, modalidade suplemento de crédito, vaise dotar o crédito necesario para afrontar a achega municipal do ano 2025 que lle corresponde asumir ao Concello, no seguinte investimento:

MT200A. Plan HURBE. Pavimentación núcleo de Camboño: 384.478,23 €. Xunta (269.134,76 €) + IRC IGVS 22 (63.052,27 €) + Concello (52.291,20 €) Achega municipal, anualidade 2025: 52.291,20 €. Execución pola Xunta de Galicia	52.291,20
---	------------------

Segundo: A aplicación orzamentaria na que se suplementa o crédito específico é a seguinte:

AG	Económica	Proxecto de Gasto	Investimento	Crédito actual	SC 16/25	CD
1532	61900	2023/2/25.23/1	Plan HURBE. Pavimentación núcleo de Camboño	63.052,27	52.291,20	115.343,47

Terceiro: A modificación de crédito **16/2025** será financiada co Remanente de Tesourería para gastos xerais (RLTGG), derivado da Liquidación do exercicio 2024, de acordo cos artigos 177 do TRLRFL e 36.1.a) do RD 500/1990, de 20 de abril.

Considerando o disposto no artigo 177 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, nos artigos 35 e ss. do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Título VI da Lei de facendas locais, reguladores dos créditos extraordinarios, e o artigo 21.1 apartados f) e s) da Lei de bases do réxime local; este **Pleno Corporativo do Concello de Lousame, ACORDA:**

PRIMEIRO: A aprobación inicial da modificación de crédito núm. **16/2025**, mediante a que se dotará crédito na aplicación orzamentaria que se sinala no seguinte cadro, financiando tal modificación co Remanente de Tesourería para Gastos Xerais por importe de **52.291,20 €**:

Núm. expediente de MC por Suplemento de Crédito	16 / 2025
Importe da modificación orzamentaria	52.291,20 €
Tipo de financiamento	Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais. 87000 / RLTGX
Aplicación orzamentaria nas que se dota crédito específico e finalidade da modificación orzamentaria	1532.61900 PG 2023/2/25.23/1 Achega municipal relativa á anualidade 2025

SEGUNDO: Expoñer o expediente ao público, previo anuncio no BOP, durante o prazo de 15 días hábiles, durante os cales o interesados poderán examinalo e presentar as súas reclamacións ante o Pleno Corporativo”

Documento asinado dixitalmente.

A Alcaldesa
M^a Teresa Villaverde Pais